

Lugrís Freire

UN POETA DE SENTIMENTO E LOITA NO TRÁNSITO DOS SÉCULOS

Afonso Vázquez-Monxardín


En todos os procesos de remerxencia identitaria que se dan na Europa do XIX a lingua supón un dos eixos vertebradores da personalidade que se trata de construír ou modernizar. E como primeira manifestación estética da expresión lingüística vernácula recuperada, aparece, loxicamente, a poesía.

A lírica popular e tradicional, isto é, de autor descoñecido e asumida colectivamente como propia, que se canta nas sempre tan mesturadas actividades lúdicas e de traballo, xira ao redor dos temas máis achegados a ese pobo: amores, ausencias, desacougos, protestas, escarnios, relixión, exaltación dos ciclos da natureza... Todo isto recolleu, por exemplo, Rosalía de Castro nas cantigas populares que glosou nos seus *Cantares Gallegos* (1863), lembremos, a título de exemplos, “Un repoludo gaiteiro”, “Campanas de Bastabales”, “San Antonio bendito, dádeme un home” ou “Adiós ríos, adiós fontes”.

Obviamente para un pobo iletrado como o era o galego do XIX, era máis fácil achegarse a com-

posicións que se podían memorizar e integrar no seu vello repertorio –valoremos, por exemplo, o éxito social de “Unha noite na eira do trigo” de Curros– que acometer a lectura de obras narrativas de moita extensión, novelas, que, nin existían, nin gozaban dun público que as puidese ler. E moito menos se podía pensar na existencia dunha dramaturxia culta, cos seus escritores, compañías, actores, teatros...

Neste contexto, é habitual lembrar que os tres autores cimeiros do Rexurdimento escriben as súas obras con diferentes intencións. Existe unha Rosalía popular e festeira en *Cantares Gallegos* (1863), e outra intimista máis fonda e menos accesible ao grande público en *Follas Novas* (1880). Curros é, case sempre loita e compromiso, sexa nos seus *Aires da Miña Terra* (1880), sexa no escarnio anticlerical de *O Divino Sainete* (1888). Eduardo Pondal, recrea nos seus *Queixumes dos pinos*, (1886), un pasado mítico para Galicia en base á elaboración das teorías histórico-celtistas e atlánticas dos seus compañeiros da Cova Céltica da Coruña.



Contaba 31 anos Lugrís Freire cando publicou, na Habana, o seu primeiro libro poético, Soidades en 1894. Nese volume xuntou 28 poemas, moitos aparecidos antes na prensa. Este primeiro libro foi prologado por Curros Enríquez.

E o mozo Manuel Lugrís Freire, nado poucas semanas antes de que Rosalía publicase os seus Cantares, en 1863, vive a súa precoz mocidade rodeado dese ambiente de Rexurdimento. Contou Ramón Suárez Picallo, con motivo do centenario do nacemento de Lugrís, na revista Lugo do Centro Lucense de Bos Aires, a importancia iniciática que nel tivo un mestre de escola:

Era alumno dun famoso escolante de Sada darriba, coñecido en toda a comarca pol-as súas liberais ideas e pola súa afervoadada emoción galega. Coñeciase este mestre exemplar

co seu nome de pila que era don Crisanto. O escolante, empezou a forxar na ialma do rapaz alumno, anceios, ideas, esperanzas e tamén unha eisquisita sensibilidade que había de florecer dimpois nun gran escritor, poeta e dramaturgo en lingua galega.

E esta actitude ante o coñecemento e de apertura ao medio do neno Lugrís, verase alimentada por unha especial sensibilidade de cara á paisaxe que vive nas longas camiñadas entre a natureza desde a súa casa de Soñeiro ata o veciño Oleiros onde traballou de escribán no concello nos seus anos de adolescencia e antes de emigrar a Cuba.

O propio Lugrís cóntanos nun fermoso artigo titulado “Os primeiros versos”, publicado na revista *O galiciano*, o 15 de maio de 1886, o día en que escribiu, con dezasete anos, a primeira composición e os estímulos que a provocaron. Polo seu interese autobiográfico, Incluímolo na pequena antoloxía que integramos neste artigo.

Como para tantos outros galegos da época, a emigración será a pedra basal da súa educación e do seu proxecto vital.

Ao chegar á illa en 1883, aquel mozo de vinte anos, vai acometer dúas tarefas diversas: forxarse un futuro económico -para o que, seguindo a orientación do seu irmán maior Plácido estuda contabilidade- e traballar no seo da inmensa colectividade galega. Neste segundo aspecto, que é o que agora nos interesa, é moi precoz. Así, con vinte e un anos, en 1884, anos intégrase na directiva do Centro Gallego, e comeza as súas colaboracións en presa: un poema titulado *Nostalxia* que publica na revista *El Eco de Galicia* e no que un emigrante saudoso, pensa incluso no suicidio como forma de escape a unha realidade á que non se dá sobreposto.

No ano seguinte, tamén na mesma revista, publica a súa primeira colaboración en prosa galega, a noveliña por entregas *O penedo do crime* (1885), que anuncia á súa estética e á súa ética posterior. O argumento é moi simple: trátase dun infanti-




cidio que trata de cometer un cacique e que, ao final vén a ser descuberto como frustrado, cando o cacique acaba matando ao pretendente dunha rapaza que criaran el e a súa muller, pois non puideran ter máis fillos que aquel que quixera matar o día do seu nacemento, e que, resultou ser o propio rapaz. Deste xeito, LUGRÍS tamén ten un papel significativo na orixe da prosa galega contemporánea, pois pouca cousa hai anterior, incrementado, sen dúbida, pola súa participación na fundación, tamén en 1885, cando conta vinte e dous anos, da primeira publicación periódica integramente galego do continente americano *A gaita gallega*.

As preocupacións sociais do emigrante, seguramente, non alleas a unha posible participación nos núcleos dos influentes grupos masónicos da colectividade galega, van facer que asuma como exemplos, facilmente rastrexables na súa obra poética, sobre todo a Pondal e Curros Enríquez, -e despois a Ramón Cabanillas- aínda que sempre manifeste tamén unha grandísima admiración por Rosalía, a cuxa morte dedican un número monográfico de *A gaita gallega* revista, que, por outra banda, trata de seguir os esquemas populares de *O Tío Marcos da Portela* que en Ourense dirixía Valentín Lamas Carbajal.

Contaba 31 anos LUGRÍS Freire cando publicou, na Habana, o seu primeiro libro poético, *Soidades (versos en gallego)*, en 1894. Nese volume xuntou 28 poemas, moitos aparecidos antes na prensa, ademais do artigo “A fala galega”, aparecido tamén en *A gaita gallega*.

Este primeiro libro foi prologado por Curros Enríquez, tal vez como agradecemento aos traballos de LUGRÍS na exitosa organización da súa homenaxe á chegada á illa, o ano anterior. O prologuista, porén, non oculta as deficiencias literarias do libro, aínda que as trata de xustificar desculpando ao autor porque, por motivos de traballo, o novo poeta seica vivía arredado da arte poética e, ademais, a lingua galega non tiña aínda fixado o seu vocabulario de forma importante.



De volta en Galicia, en 1901, publica o poemario *Noitebras*, dedicado Concepción Orta e Iglesias, á súa esposa cubana falecida ao pouco de dar a luz á súa filla primoxénita Socorro.

De volta en Galicia, en 1901, publica o poemario *Noitebras*, dedicado Concepción Orta e Iglesias, á súa esposa cubana falecida ao pouco de dar a luz á súa filla primoxénita Socorro. O poemario está composto por poemas inzados de pesimismo pola ausencia da súa compañeira que se suman a outros de contido social e patriótico, cun estilo “máis moderno” e unha lingua “máis culta”, segundo a opinión de Carballo Calero.

Logo duns anos dedicado por enteiro ao teatro (escritos para a Escola Rexional de Declamación, fundada en 1903), á escrita en prosa dos seus contos



En 1919, dará á luz o seu terceiro esforzo poético: *Versos de loita*, onde agrupa 23 poemas, de novo cun nido contido social e reivindicativo, e nos que emprega elementos simbólicos como o celtismo ou as chamadas mesiánicas á loita. Neste poemario, inclúe os versos escritos como himno das Irmandades da Fala e os dedicados á morte de Pondal ou Curros.

de *Asieumedre*, -un dos pseudónimos que utilizou- publicados n'*A Nosa Terra*, á política (Solidaridad Gallega (1907) e Irmandades da Fala, (1916) e e á familia reconstruída con Purificación González, e dará á luz, en 1919 o seu terceiro esforzo poético: *Versos de loita*, onde agrupa 23 poemas, de novo cun nido contido social e reivindicativo, e nos que emprega elementos simbólicos como o celtismo ou as chamadas mesiánicas á loita. Neste poemario, por exemplo, inclúe os versos escritos como himno das Irmandades da Fala e os dedicados á morte de Pondal ou Curros.

En 1927, no seu máis logrado poemario, *Ardencias*, fai unha revisión lírica das vivencias da súa infancia e das súas paisaxes nativas, ao tempo que inclúe moita da poesía aparecida nos libros anteriores e inclúe, ademais, un apéndice cunha elaborada lenda céltica de sabor pondaliano, *Lenda de Brigo*, a lenda épico-local sadense *Mareira*, e o texto dun seu discurso dito con motivo do cuarto centenario de Camões ao que a Real Academia Galega lle deu grande importancia.

En 1928 aboia o seu último poemario, *As mariñas de Sada*, homenaxe á Sociedad Sada y sus Contornos, onde o mundo infantil volve ser a cerna da inspiración poética. Por este poemario, e pola sempre estreita relación mantida coa vila de Sada, o Concello desta localidade acordou nomealo fillo predilecto e dedicarlle unha rúa no medio dunha grande homenaxe cívica que se lle rendeu o 13 de xullo de 1930.